



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 27 de setembro de 2018, á vista das avaliacións achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Hospital Universitario Lucus Augusti **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

RIOCIGUAT


no tratamento da Hipertensión Pulmonar Tromboembólica crónica (HPTC) clase funcional II-III inoperable e persistente ou recorrente, despois do tratamento cirúrxico.

Dada a incerteza no valor terapéutico engadido amosado por riociguat en pacientes en clase funcional II e en pacientes con HPTC persistente ou recorrente despois do tratamento cirúrxico, recoméndase precaución na utilización nestes subgrupos, valorando detidamente de forma individualizada o posible beneficio que supón en cada paciente respecto ao risco.

Non se considera pertinente a inclusión de RIOCIGUAT no tratamento da Hipertensión arterial pulmonar en monoterapia ou en combinación con Antagonistas do Receptor da Endotelina (AREs), en clase funcional II - III, salvo en casos dunha NECESIDADE EXCEPCIONAL non cuberta polas distintas terapias, xa que existen alternativas máis eficientes cun mecanismo de acción similar, e fronte ás que non se amosaron diferencias en eficacia e seguridade.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica



Jorge Aboal Viñas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde

